

## REGULAMENTO DA MATRÍCULA CONDICIONADA EN MÁSTERES UNIVERSITARIOS OFICIAIS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Aprobado polo Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2023*

*Modificado polo Consello de Goberno do 27 de abril de 2023*

*Modificado polo Consello de Goberno do 19 de xullo de 2023*

*(Texto consolidado)*

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña, na súa reunión do 23/03/2015, aprobou un procedemento extraordinario de preinscrición en másteres universitarios que lle permite, unicamente ao alumnado da propia universidade, facer a preinscrición no último prazo, sen ter o título de grao, sempre e cando tivese pendentes de superar, ademais do Traballo Fin de Grao (a partir de agora TFG), un máximo de 12 créditos de materias ou 18 de prácticas, aínda que esta norma só autoriza a admisión nos estudos, e dilata o momento da matrícula ata que a persoa solicitante obteña o título que lle permite o acceso ao Máster.

O artigo 18.4 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, permite a matrícula condicionada nos másteres universitarios para aquel alumnado a que lle falte por superar o TFG e un máximo de 9 créditos, para o cal lles esixe ás universidades a aprobación de normativas específicas por parte dos seus órganos de goberno.

A regulación contida no artigo 18.4 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, permite formalizar a súa matrícula ao alumnado de calquera universidade española que cumpra os límites antes mencionados, aínda que esta matrícula ten o carácter de condicionada e non se poderá emitir o título de máster ata que a persoa interesada non obteña o correspondente título de grao. Pola contra, a precitada normativa propia da UDC autoriza a preinscrición, coas limitacións indicadas, só ao alumnado desta universidade.

Tendo en conta a regulación recollida no Real decreto 822/2021, así como o interese da Universidade da Coruña en permitir que o alumnado, que non finalizou os seus estudos de grao por ter pendente un número reducido de créditos, teña a oportunidade de continuar de forma inmediata a súa formación cursando un máster universitario, apróbase este Regulamento da matrícula condicionada en másteres universitarios oficiais da Universidade da Coruña.

### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

1. O obxecto deste Regulamento é establecer o procedemento para a matrícula condicionada nos estudos de máster universitario da Universidade da Coruña (a partir de agora UDC), de acordo co disposto no artigo 18.4 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

2. Poderase levar a cabo a matrícula condicionada en todos os másteres universitarios oficiais ofertados pola UDC que se encontren na situación recollida no artigo 3.1 deste regulamento, excepto nos seguintes:

a) Máster Universitario en Avogacía

b) Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas

c) Máster Universitario en Arquitectura

d) Másteres cuxa Comisión Académica comunique, mediante un escrito motivado dirixido á vicerreitoría competente en materia de títulos oficiais, a conveniencia de excluír a dita posibilidade. En caso de discrepancia entre a Comisión Académica e a vicerreitoría competente, decidirá o Consello de Goberno da Universidade. Esta comunicación deberase remitir antes do

30 de marzo, e o seu sentido manterase en cursos sucesivos a ta que solicite o seu cambio a dita Comisión Académica.

## Artigo 2. Requisitos das/os solicitantes

Poderán solicitar a matrícula condicionada nun máster universitario oficial da UDC, as/os estudantes que, estando a cursar un título oficial de grao do sistema universitario español, se encontren, polo menos, nunha das seguintes situacións na data de finalización do correspondente prazo de preinscrición:

1. Ter pendentes de superación o TFG e, como máximo, 9 créditos ECTS. Para os efectos do cómputo destes 9 créditos, entenderanse como non superados os pendentes de recoñecemento.
2. Ter pendente de obter a acreditación da competencia lingüística no idioma estranxeiro que, de ser o caso, lles esixa a súa universidade de orixe.

## Artigo 3. Solicitudes e resolución

1. As/os estudantes que se acollan a esta posibilidade unicamente poderán presentar a súa solicitude de admisión no segundo e terceiro dos prazos do procedemento ordinario de preinscrición que aprobe a UDC e, exclusivamente, nos másteres en que queden prazas vacantes tras a resolución das solicitudes do primeiro prazo do dito procedemento ordinario.

2. Este estudantado deberalle xuntar á súa solicitude de preinscrición a seguinte documentación:

- a) Unha copia do DNI ou pasaporte (con fotografía) en vigor, e NIE, de ser o caso.
- b) Unha certificación académica persoal en que figure a nota media obtida de acordo co que está recollido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro (no caso dos estudantes da UDC bastará unha copia do seu expediente, obtida a través da Secretaría Virtual do Estudiante).
- c) A certificación da universidade de orixe en que se indique o número de créditos que restan para finalizar os estudos de grao, sempre que este dato non figure expresamente recollido no documento indicado na letra anterior (este documento non se lles esixe ás/aos solicitantes da UDC).
- d) O xustificante de matrícula, no mesmo curso académico en que vai cursar os estudos de máster, dos créditos pendentes de superación para obter o título de grao correspondente.

3. No prazo correspondente, as/os estudantes que se acollan a este procedemento serán ordenados/as pola respectiva Comisión Académica, sempre a continuación dos que sexan titulados/as, de acordo coa seguinte orde de prelación:

a) Estudantes que unicamente teñan pendente de obter a acreditación da competencia lingüística en idioma estranxeiro que, de ser o caso, lles esixa a súa universidade de orixe. Ordenaranse pola súa nota de admisión ao máster e, en caso de igualdade, de acordo coa seguinte orde:

- Nota media do expediente académico, no caso de ser diferente á nota de admisión.
- Maior número de créditos con cualificación de matrícula de honra.
- Maior número de créditos con cualificación de sobresaliente.
- Maior número de créditos con cualificación de notable.
- Data e hora de entrega na aplicación de preinscrición de toda a documentación correcta.

b) Estudantes que teñan pendentes de superar unicamente o TFG (con independencia de se teñen pendente ou non a obtención da acreditación da competencia lingüística en **idioma** estranxeiro que, de ser o caso, lles esixa a universidade de orixe). Ordenaranse pola súa nota de admisión ao máster e, en caso de igualdade, de acordo coa seguinte orde:

- Nota media das materias superadas no grao, no caso de ser diferente á nota de admisión.

- Maior número de créditos con cualificación de matrícula de honra.
- Maior número de créditos con cualificación de sobresaliente.
- Maior número de créditos con cualificación de notable.
- Data e hora de entrega na aplicación de preinscrición de toda a documentación correcta.

c) Estudiantes que teñan pendentes de superar o TFG e ata 9 créditos ECTS (con independencia de se teñen pendente ou non a obtención da acreditación da competencia lingüística en idioma estranxeiro que, de ser o caso, lles esixa a universidade de orixe). Ordenaranse pola súa nota de admisión ao máster e, en caso de igualdade, de acordo coa seguinte orde:

- Menor número de créditos pendentes de superar (excluídos os correspondentes ao TFG).
- Nota media das materias superadas no grao, no caso de ser diferente á nota de admisión.
- Maior número de créditos con cualificación de matrícula de honra.
- Maior número de créditos coa cualificación de sobresaliente.
- Maior número de créditos coa cualificación de notable.
- Data e hora de entrega na aplicación de preinscrición de toda a documentación correcta.

4. Tras ser admitidos, as/os solicitantes matricularanse de acordo co procedemento establecido con carácter xeral.

#### **Artigo 4. Efectos da matrícula condicionada**

1. As/os estudantes que realicen a matrícula condicionada terán os mesmos dereitos e obrigacións que as/os estudantes con matrícula ordinaria, agás no que se refire á expedición do título, que en ningún caso se poderá tramitar ata que se acredite a obtención do título de Grao correspondente.

En consecuencia, nas certificacións académicas dos estudantes de Máster que se atopen nesta situación, que se emitan, deberá constar, ata que se acredite a obtención do título de Grao, o seguinte texto:

“Diligencia para hacer constar que as cualificacións que se reflicten neste certificado son provisionais, polo que don/dona (nome da/o estudante) non se atopa en posesión do título de (nome da titulación de Máster).”

“Diligencia para hacer constar que las calificaciones que se reflejan en este certificado son provisionales, por lo que D./D<sup>a</sup>. (nome da/o estudante) no se encuentra en posesión del título de (nome da titulación de Máster)”.

“To state for the record that the grades shown on this certificate are provisional, so that Mr./Mrs. (nome da/o estudante) is not in possession of the degree of (nome da titulación de Máster).”

2. A acreditación da obtención do título de grao unicamente se admitirá se se presenta algún dos seguintes documentos:

a) Título universitario oficial

b) Certificación supletoria do título

c) Certificación emitida pola universidade de orixe que acredite o cumprimento dos requisitos necesarios para a obtención do título de grao, acompañada do xustificante do pagamento dos dereitos de expedición no caso de que neste certificado non se indique que este pagamento foi efectuado.

3. Os estudantes de grao da UDC non están obrigados a acreditar a obtención do dito título, será suficiente a comunicación a Administración/UXAI responsable do máster, que levarán a cabo as comprobacións necesarias.

#### **Disposición adicional. Habilitación para o desenvolvemento e interpretación**

Habilitase a vicerreitoría con competencias en materia de títulos oficiais para o desenvolvemento desta normativa, así como para a interpretación e resolución de cantas cuestións se expoñan na súa aplicación.

#### **Disposición derogatoria: Derrogación normativa.**

Queda derogado o “Procedemento extraordinario de preinscripción en másteres universitarios para alumnos da UDC que non estean en posesión dun título universitario”, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña, na súa sesión de data 23/03/2015.

#### **Disposición final. Entrada en vigor**

A presente norma, que modifica o “Regulamento da matrícula condicionada en Másteres Universitarios oficiais da Universidade da Coruña”, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de 26/01/2023, será de aplicación no curso académico 2023/2024, tras a súa publicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC.